

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 1 DE MARZO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:09 horas do día 1 de marzo de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antonio Luis Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de febreiro de 2012

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente pregunta se existe algunha obxección ou observación sobre a acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de febreiro de 2012, previamente remitida coa convocatoria.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que na páxina 17, na intervención da concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, onde di: “(.../...) e que polo tanto vai votar en contra da moción. (.../...)”, debe dicir “(.../...) e que polo tanto vai votar a favor da moción. (.../...)”.

Ao non realizarse ningunha outra obxeccións ou observacións sobre as actas, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Aprobar a acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de febreiro de 2012, coa correccións do seguinte erro:

Na páxina 17, na intervención da concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, onde di: “(.../...) e que polo tanto vai votar en contra da moción. (.../...)”, debe dicir “(.../...) e que polo tanto vai votar a favor da moción. (.../...)”

2. Aprobación, se procede, do acordo relativo á reforma laboral (ditame a instancia do grupo municipal do BNG)

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 23 de febreiro de 2012, que copiado literalmente di:

“MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenés máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.

Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.

Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulación de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.

Desampara ás persas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.

Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores” mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.

Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao

homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en man da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir –con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder a derogación de dita norma.

2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o goberno do PP aprobou unhas medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, medidas que non contribuirán de xeito directo a crear emprego, que beneficiarán a aquelas empresas grandes que máis teñen ou poden, que se trata dunha reforma que limita dun xeito importante a negociación colectiva, que faculta ás empresas a interpretar dun xeito unilateral os contratos individuais así coma os convenios colectivos, que reduce as indemnizacións por despedimentos, tanto dos procedentes coma dos improcedentes, ampliando os supostos para extinguir os contratos laborais por mor de causas obxectivas, que elimina o control previo da Administración laboral para os procedementos dos ERES, co cal a propia empresa é quen de implantar un ERE con só ver diminuídos os seus beneficios, que crea un contrato indefinido que permite durante o primeiro do contrato o despido libre do traballador, que semella que vai promover contratos indefinidos de tres centos sesenta e catro días, xa que a partir deste día o traballador xa xerará dereitos laborais, que a reforma racha co sistema de negociación colectiva, favorece o despido por parte das empresas que vai xerar, o que o seu grupo ven criticando dende hai tempo, un dumping entre empresas, é dicir, sacar vantaxe de exprimir salarios entre empresas que fan os mesmos traballos, xa que as empresas que non queiran respectar os convenios poden traballar a prezos máis baratos prexudicando aos traballadores e as empresas que queren traballar aos prezos pactados. Di que estes son os motivos da presentación da moción que hoxe se trae ao Pleno.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo tiña pensado presentar unha moción semellante polo que quere propoñerlle ao BNG dúas emendas, ao punto 1.2 engadirlle “e coas forzas políticas” e no punto 2 engadir tamén a comunicación do acordo á “Ministra de emprego e ao Presidente do Congreso dos Deputados”.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que aceptan estas dúas emendas.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu voto vai ser favorable e di que pensa que a reforma laboral que aprobou o Partido Popular está falta de consenso e diálogo coas formacións políticas e cos sindicatos, que non respalda en nada á cidadanía, coma se puido ver nas mobilizacións feitas na Comarca a pasada semana que foi cuantificada coma a maior mobilización destes últimos anos, que ao igual que pasou nesta comarca tamén pasou no resto de Galicia e España, que se trata dunha medida que instaura definitivamente no noso país o despido libre, a baixada de salarios, que as empresas só teñen que xustificar que un ano medra menos que o anterior para poder baixar o salario aos seus traballadores sen ningún tipo de negociación nin xustificación, que a reforma está destinada a rachar coa dinámica colectiva dos traballadores para poder negociar, a través das forzas sindicais e por medio dos comités de empresa, as medidas laborais para pasar a unha negociación individual, de xeito que este pouco pode pór enriba da mesa para vencer as condicións que a empresa lle ofrezca, que se debilita a posición dos traballadores e se pretende empobrecer a cidadanía deste país, tomando un camiño equivocado, coma se ve nestes últimos tempos nas que ningunha das medidas deron solución porque están tomadas todas en dirección contraria, na dirección de non investir, de que as Administracións tampouco gasten, que non se xere actividade o que provoca que os cidadáns tampouco gastan, diminúa o consumo, se eliminan postos de traballo e os efectos da crise cada día son peores, que a reforma laboral anterior non deu resposta aos problemas deste país, que non se paliou a eliminación de emprego e esta reforma consiste en ir dez pasos máis aló e empeorar máis a situación, polo que di que non a poden apoiar, que se trata dunha Lei que lles recorda a aquela Lei de 1944 que incluso ten algún artigo máis avanzado que esta que se acaba de aprobar agora.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor da moción, que ademais do dito tamén lle preocupa a medida que inclúe a Lei de poder despedir a un traballador que falte ao traballo nove días no prazo de dous meses, incluso tendo xustificación coma unha baixa por enfermidade, que hai que lembrar o sufrimento de moitos traballadores, que incluso perderon a vida, para lograr ter os dereitos que hai hoxe en día e que con esta lexislación, coma di o voceiro do PSOE se volve atrás ao ano corenta e catro. Di que para eles a moción está moi ben formulada e se suman a ela.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que consideran que esta reforma laboral vai ser un instrumento moi útil para flexibilizar o mercado de traballo e poder crear emprego cando a situación económica o permita, que a principal tarefa do goberno é atallar o déficit público, o crecemento económico e revertir esta tendencia herdada da etapa zapaterista, que así esperan que esta reforma laboral pronto comece a dar estes froitos. Di que é fundamental para España que o mercado laboral non sufra as actuais rixideces, que a reforma vai permitir ás empresas diminuír os custes de persoal pola vía do despedimento, que esta reforma nos acerca cada vez máis a Europa, que non hai que esquecer que España forma parte da UE e que todos os países teñen que tender a actuar na mesma dirección, que tampouco se pode ser hipócrita e hai que darse conta de que o despido xa era libre antes, que hai que ver o que estaba

pasando con todos eses contratos laborais temporais sen ningún tipo de garantía, que nesta zona por exemplo está o sector naval, que permitiu a existencia deste tipo de contratos e agora se ve que as empresas auxiliares van quedar sen contrato e tamén os seus traballadores, que este tipo de contratos existiron sempre. Di que esta reforma trata de garantir que as pequenas e medianas empresas, que forman parte do tecido económico español, para que non teñan que despedir a todos os seus traballadores e votar o peche, se non que poidan axustar as súas contas e poidan seguir coa súa actividade e que no momento en que a situación económica mellores poder continuar coa súa actividade e poder contratar máis xente.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que os contratos de servizos existeN dende os anos oitenta, que rematado o traballo se acaba o contrato e isto non ten nada que ver coa reforma laboral, que non varía este tipo de contrato, que hai unha taxa de paro enorme, única en Europa, cun salario mínimo moi inferior ao da media europea e cunha taxa de paro feminino de máis do cincuenta por cento, que Fene ten máis de mil trescentos parados tendo en conta que moita da súa poboación é maior de sesenta e cinco anos, que pensar que unha reforma laboral vai reducir custes para o despedimento é un erro, que o problema non é despedir máis barato se non que é de ter traballo e que existan condicións dignas para poder traballar e isto non se está dando, que a reforma non favorece nin de lonxe á contratación, que beneficia ás grandes empresas para que poidan facer o que mellor lles pareza co persoal, dende localizacións ata o despedimento do persoal. Di que este tipo de medidas só van conseguir un empobrecemento da poboación, que a reforma laboral non facilita o traballo e a cualifica coma unha medida moi negativa.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que coma dicía o voceiro do BNG, que os problemas dos traballadores das auxiliares de Navantia non son o tipo de contratos, que é outro. Di que a reforma laboral se centra unicamente en facilitar e facer máis barato o despido, pero nun momento no que non hai moito máis que despedir, que só queda aqueles axustes que as empresas levan moito tempo tentando facer e que non acometían polo custe que lles causaba e que agora lle sairá moito mellor. Di que o que ten que facer o goberno é reactivar a contratación e os mercados para o que hai que investir, que as Administracións están para isto, para gastar cartos que movan á economía. Di que xa se verá o que depara o vindeiro Consello de Ministros do trinta de marzo, Consello estratexicamente convocado logo das eleccións en Asturias e Andalucía, no que se terán que recortar todos eses cartos para cumprir os obxectivos de déficit da Unión Europea.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o contrato de obra está regulado para un traballo concreto, pero que non se pode ser hipócrita, que as empresas usan este tipo de contrato para despedir cando queiran, que o uso fraudulento deste contrato salta á vista e nas empresas auxiliares é moi utilizado, que quen crea o traballo son as empresas e as hai que manter, que se unha empresa ten cinco traballadores e só pode manter a tres, agora, por desgraza, hai que darlle esta medida para podelo facer. Di que o goberno de Fene vai apoiar as medidas que toma o goberno de España.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que quen crea emprego son as empresas pero para producir algo que compren os traballadores, que se estes están no paro dificilmente poden mercar algo, que despedir non é a solución, que as empresas non van despedir aos traballadores que precisen pero o que si farán é contratar a traballadores máis baratos.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria as emendas propostas polo PSOE ao ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 23 de febreiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda incorporar ás emendas ao ditame que queda redactado coma segue:

MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenes máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.

Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.

Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulación de emprego, pasando pola

mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.

Desampara ás persas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.

Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores” mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.

Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en man da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir –con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder a derrogación de dita norma.
2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais e coas forzas políticas, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.
2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e do Parlamento de Galiza, ao presidente do goberno do Estado e ao presidente da Xunta de Galiza, á Ministra de Emprego e ao Presidente do Congreso dos Deputados.”

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame emendado da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 23 de febreiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder a derogación de dita norma.

2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais e coas forzas políticas, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e do Parlamento de Galiza, ao presidente do goberno do Estado e ao presidente da Xunta de Galiza, á Ministra de Emprego e ao Presidente do Congreso dos Deputados.”

3. Aprobación, se procede, previa ratificación da súa inclusión na orde do día, da proposta da Alcaldía do expediente de suplemento de crédito 1/2012.

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 24 de febreiro de 2012, que copiado di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 1/2012 de Suplemento de Créditos por un importe global de 14491,56 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
161/11/62300	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Investimento novo: POS 2011	14491,56
	TOTAL	14491,56

2º.- Financia-lo expediente nº 1/2012 de suplementos de créditos mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 14491,56 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, a 24 de febreiro de 2012

O ALCALDE.

ASdo: Gumersindo P. Galego Feal.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor da inclusión da orde do día pero quere deixar constancia de que non están nada de acordo en que se traia este asunto así ao Pleno, xa que a semana pasada houbo unha Comisión de Facenda onde se puido explicar esta proposta, que o luns, o día da convocatoria do Pleno, houbo unha reunión de voceiros onde tamén se puido explicar. Di que para el é criticable, ao igual que criticou ao Partido Socialista no seu momento, que se introduzan así os asuntos no Pleno. Di que ademais lle molesta especialmente xa que na orde do día, na fase de control ao goberno hai un punto específico para tratar asuntos urxentes. Di que aínda que non lle gusta a forma e que non hai urxencia, van votar a favor da inclusión na orde do día.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido, manifesta que segundo obra na documentación o expediente está asinado o 24 de febreiro, logo da celebración da Comisión de Facenda, tamén di que se produciu unha comunicación telefónica con todos os voceiros dos grupos políticos para consensuar a introdución deste asunto na orde do día sen pasar por Comisión ao que ninguén presentou ningún problema, que si se fixo así non foi por non convocar unha Comisión se non que foi por axilizar o trámite.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo votará a favor, que entenden que é unha cuestión técnica para dotar de orzamento, aínda que lle gustaría ter máis tempo para poder tratar este asunto na Comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que leu o expediente e xa viu que a data na que foi asinado o expediente era o 24 de febreiro, día posterior á Comisión, que tamén lembra que a el non o chamou por teléfono que llo dixo en persoa o martes na Secretaría do Concello cando revisaba o expediente deste Pleno, que segue a dicir que houbo Comisión o día 21 e Xunta de Voceiros o día 27 e que se puido ter dito na Comisión que se estaba a traballar neste expediente ou na Xunta de Voceiros que se pensaba incluír no Pleno, Xunta de Voceiros na

que ademais asistiu o concelleiro de Facenda. Di que el lle dixo que por parte do seu grupo non ía haber problema, que outra cousa é que cando se aprobou o POS 2010, no seu punto cuarto o Concello se comprometeu a incluír esta partida nos orzamentos do ano 2011 e dille ao concelleiro Juan José Franco Casal que non a incluíu, que non é que se aforre tempo aos veciños, se non que o que fixo foi perder o tempo dende que aprobou o orzamento ata agora, remata dicindo que o voto do seu grupo vai ser a abstención.

De seguido intervén o alcalde para dicir que logo de ver que o que é unha cuestión técnica se converte nunha cuestión de debate político pensa que se debería de preocupar de mirar os expedientes, en primeiro lugar di porque se está executando expediente do POS 2010, que é algo que está pechado e que quedou de anteriores anos polo que roga que se poida ter un pouco de flexibilidade á hora de poder executalo, que este suplemento de crédito é para o POS 2011 e non para o do ano 2010, que xa se está traballando con un pouco máis de anticipación e que a achega municipal do POS 2011 vai con fondos propios e non coma o POS 2010, que do que falaba o voceiro do BNG que vai con cargo a un préstamo.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que isto non tería pasado si se dera unha explicación na Comisión.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 24 de febreiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) (dos/as Sres/as, Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Painceiras, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5) (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º. Aproba-lo expediente nº 1/2012 de Suplemento de Créditos por un importe global de 14491,56 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
161/11/62300	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Investimento novo: POS 2011	14491,56
	TOTAL	14491,56

2º. Financia-lo expediente nº 1/2012 de suplementos de créditos mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 14491,56 euros.

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

4. Aprobación, se procede, do acordo relativo á iniciativa lexislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública en Galicia (ditame a instancia dos grupos municipais do PSOE, BNG e grupo mixto)

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2012, que copiado di:

“Primeiro. Manifestar o apoio do Pleno do Concello á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galicia.

Segundo. Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

Terceiro. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que se trata dunha moción conxunta e que vai explicar o sentido do voto do seu grupo respecto desta moción que pretende apoiar a Plataforma SOS Sanidade Pública, que entenden que se está producindo un deterioro nas condicións do sistema sanitario pública galego, por medio dunha fórmula implantada polo Partido Popular dende que governa que é unha combinación dunha privatización, concretada na construción dos novos hospitais de Vigo e Pontevedra, que presentan un custo bastante superior do inicialmente previsto e cun recorte amplo dos orzamentos dedicados á sanidade, así pasa, por exemplo, que ante as baixas, vacacións ou ausencias de médicos os pacientes se acumulen con cargo a outro facultativo que cubre estas situacións xa que non se están a contratar substitucións, que non se incrementen camas nos hospitais ou que as listas de espera se están a incrementar, que isto dá coma resultado o deterioro do servizo que persigue que así florezca un negocio privado de moitos cartos en detrimento do servizo público, que hai exemplos coma os sistemas de saúde de Madrid, que presenta deficiencias no sistema de saúde alarmantes ou o sistema valenciano, que dan coma resultado que segundo decae a calidade do sistema público aumenta a oferta do sistema sanitario privado, que en Galicia se está a vivir unha situación semellante. Di que deste xeito, os servizos básicos da sanidade e o ensino que prestan as Administracións dependerán cada vez máis do nivel de renda das persoas, que isto xa se veu coa decisión da Xunta de Galicia de deixar sen prestación sanitaria, a través daquel código 29, a todas as persoas que deixasen de percibir a prestación por desemprego. Di que con esta moción animan aos veciños e as forzas políticas do Concello a que subscriban esta iniciativa popular e instan á Xunta de Galicia a manter a sanidade pública coma un dos dereitos máis importantes que teñen os cidadán deste país.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que van a apoiar esta moción e advirte que se están dando pasos dun xeito bastante negativo, que Fene ten un PAC e un centro de saúde en Maniños, unha infraestrutura sanitaria conseguida co esforzo de todos, no que o Concello colabora economicamente coa Xunta de Galicia, que foi pioneiro en acadar estes acordos nesta materia e que Fene sempre se preocupou disto, polo que di que se trata dunha cuestión fundamental, que si o deterioro xeral do sistema segue así se vai pasar do concepto de

servizo público do sistema de saúde, que debe ser universal, a outro concepto mercantil. Remata dicindo o concelleiro Polo Gundín que todos os que estean a utilizar o sistema público de saúde deberían apoiar esta moción.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que está totalmente de acordo do dito ata o de agora, que estes días saíu nos xornais as manifestacións da propia conselleira que dixo que o de ter asistencia sanitaria gratuíta non é viable, que hai que entender que o de todo gratis se ten que acabar. Di que é lamentable que a sanidade teña que depender dos cartos que teña cada persoa, que por iso se paga todos os meses e todos teñen dereito a médico, que en xeral, se está a ver que se está a retroceder aos tempos da postguerra.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que centrándose unicamente no contido da moción di que é carente de sentido xa que o terceiro parágrafo xa está recollido na Constitución española, di que lle chama a atención que o PSOE presente esta moción cando nun Pleno do Congreso foi aprobada unha iniciativa de CIU neste mesmo sentido de apoiar unha sanidade pública de calidade, sostible, equitativa e gratuíta, que en relación co apartado primeiro do terceiro punto da moción di que todos están de acordo. Di a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente que en canto ao mantemento da xestión pública se está falando de privatizar a xestión, pero nunca de privatizar a sanidade, que por iso o Partido Popular se vai abster nesta moción.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que non sabe que incoherencia pode haber en votar neste Pleno algo semellante ao votado no Pleno do Congreso, que o PP co seu modelo de xestión está a minorar ese dereito, que o que está a facer e diminuír a calidade da sanidade sen eliminala co que xurdirá a sanidade privada, que se está a acabar coa sanidade pública sen contradicir a Constitución abertamente, que o tema de que a xestión privada vai ser igual non é posible, xa que unha empresa privada ten por obxectivo facer negocio mentres que a sanidade pública pon por enriba de todo a saúde dos pacientes. Di que o modelo que se intenta poñer en España é o mesmo que o que se impuxo no Reino Unido con Margaret Thatcher e que deu coma resultado que ese país pasou de ter unha das mellores sanidades públicas a ter unha das peores hoxe en día, polo que non se pode dicir que sexa igual a xestión pública que a privada.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que a asistencia sanitaria é un dereito universal hoxe en día pero é evidente que o Partido Popular esta tomando medidas para recortar ese dereito, calquera que traballe ou acuda ao sistema de saúde o sabe, por exemplo, que non se fan substitucións e así se ve no centro de saúde de Fene, ou o exemplo da farmacia de garda de Fene, que agora está en Mugaros, que o PP manifestou que esta de acordo coa sanidade pública pero que iso non vale, que reducir gastos para próteses ou reducir o servizo de ambulancias o que fai é recortar a sanidade.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Sejjido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Painceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro. Manifestar o apoio do Pleno do Concello á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galicia.

Segundo. Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

Terceiro. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuito e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia.

5. Aprobación, se procede, do acordo relativo á declaración do 24 de febreiro día de Rosalía de Castro (ditame a instancia do grupo municipal do BNG)

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2012, que copiado di:

“Primeiro. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso Concello.

Segundo. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso Concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.

Terceiro. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que coma todo o mundo sabe Rosalía de Castro é a precursora da literatura galega moderna e a que puxo a literatura galega a nivel dos poetas románticos europeos, incluso superando en moitos casos a moitos autores destacados que nos seus Estados son grandes figuras e que no caso de Galicia ten que ser obrigado este recoñecemento e así a política do BNG está na obriga de defender a figura de Rosalía de Castro para poñer en valor o idioma galego como idioma para a literatura.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción, que tiñan unha moción moi semellante e que renunciaron presentala por xa estar presentada esta, que Rosalía de Castro é unha das autoras en lingua galega e tamén da literatura universal de todos os tempos. Di que esta moción se vai adoptando concello a concello para que os diferentes plenos manifesten o apoio a esta moción e Galicia poida declarar o día 24 de febreiro coma día de Rosalía de Castro.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor desta moción.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta o Partido Popular quere felicitar ao BNG por presentar esta moción, que van votar a favor porque lles parece unha idea fantástica, que se fará unha programación para o vindeiro ano cos actos que se poden facer o día 24 de febreiro coma homenaxe a Rosalía de Castro.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Primeiro. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso Concello.

Segundo. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso Concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.

Terceiro. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

6. Aprobación, se procede, previa ratificación da súa inclusión na orde do día, da moción do grupo municipal do BNG polo 8 de marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres

Dáse conta da moción do grupo municipal do BNG polo 8 de marzo de 2012, Día internacional das mulleres, de data 16 de febreiro de 2012, que copiada di:

“Rita María Couto Sejjido presenta, para o seu debate e se proceder a súa aprobación, ao abeiro da lexislación vixente a seguinte;

MOCIÓN POLO 8 DE MARZO DE 2012, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como receptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de cuidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas.

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que desmantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas Institucións se pronuncien no mesmo sentido.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.
2. Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.
3. Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.
4. O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actuantes en Galiza.
5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Fene, 16 de febreiro de 2012”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que queren presentar unha emenda á totalidade da moción presentada polo BNG, que sería unha nova moción conxunta do PSOE, BNG e EU coa mesma temática, que copiada di:

“MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS MUNICIPAIS: PSdG-PSOE, BNG E IU DO CONCELLO DE FENE, CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

En Fene, a 29 de Febreiro de 2.012

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os Grupos Políticos Municipais, PSdG-PSOE, BNE e IU DO Concello de Fene, desexan someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN CONXUNTA:

Conmemoramos o Día Internancional das mulleres nun momento complexo e difícil. A crise global e a súa xestión están aumentando as desigualdades na nosa nación, mentres crece a inquietude sobre o futuro das políticas de igualdade e o seu alcance na vida cotiá de mulleres e homes.

Un dos cambios máis importantes que se teñen producido na nosa sociedade nas últimas décadas ten sido a evolución da situación das mulleres e o avance da igualdade, un feito que ten situado a nosa nación na vangarda europea. Hoxe as mulleres teñen unha maior presenza na vida económica, social e política, grazas ao seu esforzo individual e colectivo, que ten sido compartido pola sociedade e acompañado por políticas desenvolvidas polas distintas Administracións Públicas.

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galicia, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito da nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

Nos últimos anos, vimos avanzar a lexislación sobre igualdade. Realizacións como a Lei de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei para a Igualdade, a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, o Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos, etc.. estiveron acompañados de importantes avances en dereitos sociais plasmados na Lei de Promoción da autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia e no impulso de Plans, programas e recursos de atención integral ás mulleres. As políticas de atención social e rendas para combater a pobreza tiveron como destinatarias ás mulleres, principais vítimas da exclusión social, e o incremento das pensións mínimas nos últimos anos melloraron a calidade de vida de moitas mulleres maiores.

O avance en dereitos individuais e o desenvolvemento do Estado de Benestar acompañaron ás mulleres e aos homes da nosa nación no seu proxecto vital. A pesares das dificultades, non podemos permitir que este proceso de avance, que é positivo para a sociedade no seu conxunto, sufra retrocesos nin se paralice. Creemos necesario defender e manter conquistas adquiridas e seguir impulsando actuacións que fagan efectivo o dereito a decidir, a protección eficaz fronte á violencia de xénero, a igualdade no emprego, a igualdade salarial e o dereito á conciliación, en definitiva a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, debemos reforzar os servizos do Estado de Benestar, a educación, a sanidade, os servizos sociais, as pensións, que foron decisivos para mellorar a vida das mulleres. Non só impulsaron a súa participación social senón que ademais converteron en derito de cidadanía o coidado das persoas.

Tradicionalmente as mulleres ocupáronse en exclusiva do coidado, e o fixeron a costa das súas expectativas e o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

A igualdade é un dereito de cidadanía que ademais de reforzar a cohesión social garante a eficiencia económica, xa que o aproveitamento de todas as capacidades proporciona resultados positivos para toda a sociedade.

Neste 8 de Marzo de 2.012, Día Internacional das Mulleres, o PSdG-PSOE, BNG e IU, queren facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que regula a interrupción voluntaria do embarazo. Demandada durante décadas que se cumpríu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que dismantelará como outras conquistas públicas.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar con un embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados. Non hai razóns sanitarias ou sociais, nin polémica unicamente a provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

So poderemos avanzar nunha sociedade eficiente dende un modelo que recoñeza todas as capacidades, que aproveite o coñecemento e os recursos de todas as mulleres e homes e que afronte a crise de xeito activo.

Dende as institucións, dende a rúa, xunto con todas as mulleres que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual.

Con esta ambición pola conquista dunha sociedade que incorpora a igualdade efectiva en todas as súas actuacións, e co compromiso de facer da igualdade un principio reitor de todas as nosas políticas.

Por todo o exposto, os grupos políticos PSdG-PSOE, BNG e IU, solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Impulsar a presenza das mulleres no emprego e o mercado de traballo garantindo a igualdade no acceso e no salario, conscientes de que dita igualdade é imprescindible para relanzar a nosa economía, contando para elo cun instrumento como a Lei para a Igualdade.
- Apoiar as iniciativas emprendedoras das mulleres.
- Apostar por políticas que garantan o dereito á conciliación da vida profesional, familiar e persoal de homes e mulleres, con medidas que promovan a flexibilidade dos horarios de acordo á necesidades de conciliación das persoas.
- Recoñecer e apoiar as iniciativas das mulleres no ámbito rural.
- Ampliar a rede municipal de servizos e apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero.
- Loitar contra a feminización da pobreza e a exclusión social apoiando ás mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente ás mulleres maiores e as que son responsables de familias monomarentais.
- Apoiar a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres.

Así mesmo, este Concello reclama ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Goberno da Nación a que:

- Manteña o dereito das mulleres a decidir sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, de acordo ca Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, garantindo a libre decisión sobre a súa maternidade, facendo este dereito efectivo en todas as CC.AA. e ao Goberno do Estado. (L.O. 2/2010, 3 Marzo)

- Modifique o decreto de medidas urxentes para a reforma laboral, a fin de garantir o dereito á conciliación así como as medidas que fagan posible a igualdade no emprego, a incorporación das mulleres a todos os postos de responsabilidade, á igualdade salarial, tal e como establece a lei.

- Impulse os servizos do Estado de Benestar relacionados co coidado e a atención a todas as persoas que o necesitan, especialmente menores, persoas maiores e en situación de dependencia.

- Promova a igualdade real e efectiva en todas as políticas públicas e na sociedade.

Grupo M. Socialista
Carmen Silvar Canosa

Grupo Municipal BNG
Rita Couto Seijido

Grupo Municipal IU
M^aCarmen Martínez

De seguido intervén o alcalde para dicir que o contido da emenda é coñecida por todos os grupos políticos polo que a Presidencia somete a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día da emenda conxunta do PSOE, BNG e EU á moción do grupo municipal do BNG polo 8 de marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Paineiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda aprobar a ratificación da inclusión na orde do día da emenda conxunta do PSOE, BNG e EU á moción do grupo municipal do BNG polo 8 de marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que lamentan ter que presentar unha moción conxunta entre tres grupos políticos, que o desexable é que ante un día coma o 8 de marzo é poder superar o partidismo e poder ter unha visión conxunta de toda a Corporación, como era norma habitual nos últimos anos no Concello de Fene, que isto non é posible pola negativa do Partido Popular a incluír na declaración institucional algo tan básico coma é o dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo, que o seu grupo non pode aceptar esta supresión xa que lles parece un dereito básico, que a pesar de non ter este consenso entende que este Pleno se debe pronunciar e que debe salientar un ano máis a importancia da muller na sociedade, a súa liberdade e igualdade, igualdade que a pesar do avanzado nos últimos anos está lonxe de ser unha igualdade real, xa que hai discriminacións social e laboral de todo tipo e que ademais nos últimos tempos se está a retroceder, coma no caso da iniciada derogación da Lei do

aborto que anunciou o Ministro de Xustiza fai uns días que lle parece un paso cara atrás e unha restrición dos dereitos conquistados nos últimos anos polas mulleres, que non poden compartir volver a unha Lei de supostos e non de prazos, coa hipocrisía que supoñía ter que alegar aquel suposto de estabilidade emocional da nai para poder abortar libremente na práctica e que o sistema sanitario público non garantía efectivamente ese dereito, que a Lei de prazos supuxo un avance importante xa que segundo esta lei non é preciso mentir para poder abortar e se garante o dereito de uso da sanidade pública, que por iso non poden apoiar esa volta atrás que pretende o PP coma non poden apoiar que se suprima da declaración institucional esa referencia ao aborto.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo chegou por primeira vez a un acordo unánime neste Pleno e di que descoñece que cambiou, que as propostas por parte dos demais grupos viñan sendo, en xeral, coincidentes nos obxectivos, que en canto ao retroceso de dereitos concretos coma pode ser a interrupción libre do embarazo, que coa regulamentación actual pensa que se trata dun retroceso moi importante, que a estatística demostra que o número de abortos non se ten incrementado coa lei por prazos, que máis alá desta importante cuestión di que esta moción é unha declaración sobre o día 8 de marzo, Día da muller traballadora, que aínda neste ano hai que seguir a facer estas declaracións xa que as mulleres cobran un vinte e cinco ou trinta por cento menos por facer o mesmo traballos, que os homes, que as mulleres teñen o seu traballo, se o teñen, máis o traballo da casa e dos fillos, que é algo que aínda hoxe está xeneralizado e que a Corporación, coma representantes dos veciños, que lembrar cada 8 de marzo a situación das mulleres e apoiar todas estas actuacións que eviten a discriminación ás mulleres, que hai que recoñecer que existe desigualdade para poder actuar a favor da igualdade, que entenden que as entidades locais, as comunidades autónomas e o Estado teñen a capacidade de actuar fronte as desigualdades e que hai que seguir a facer propostas coma estas que contén coa unanimidade ou a ampla maioría para conseguir a plena igualdade da muller.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que están totalmente de acordo co manifestado, que o lamentable é que no ano dous mil doce aínda se teña que recordar a desigualdade da muller, que xa debería haber unha igualdade real entre homes e mulleres, que o que se está a ver é que aquelas cousas nas que se foi avanzando co goberno do PP se está volvendo cara atrás, para mostra o Pleno de hoxe coa reforma laboral que retrocede ata o ano 44, a sanidade ou agora co tema da interrupción voluntaria do embarazo, que isto non vai conseguir que haxa menos abortos se non que as mulleres terán que acudir ás clínicas privadas coma se fixo antigamente e remata dicindo que vai votar a favor da moción.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que quere deixar claro que o Partido Popular quixo facer, como todos os anos, unha declaración conxunta a este Pleno pero non foi posible por motivo da Lei do aborto, que en relación con esta Lei o que o grupo de goberno ten coñecemento a día de hoxe é que se está a traballar na modificación da autorización que precisan as menores de dezoito anos para abortar, cousa que o goberno municipal tamén apoia xa que un menor precisa a autorización dos pais para moitos trámites e que menos para facer un aborto, que por iso non poden estar de acordo no dito polo manifesto de que se manteña a Lei do aborto tal e coma esta. Di a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente que subscribe o dito polo voceiro do BNG na segunda parte da súa intervención, que coma di a voceira do grupo Mixto é moi triste ter que seguir a celebrar este día, que o importante será o día en que non se teña que facer un pleno para recordar esta data, que significará que as mulleres traballadoras teñen igualdade de salarios, de postos de traballo, de oportunidades, de flexibilización de horarios para conciliar a vida familiar e laboral, ter máis formación e demais. Di que é moi triste non ter

chegado a un acordo respecto deste asunto, que o mesmo que se aplica a uns se pode aplicar a outros por non ter consensuado este punto controvertido, que non sobra pero tampouco é obxecto principal do manifesto.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o Ministro de Xustiza non dixo que o que ía facer fóra só modificar a Lei para o permiso paterno, cousa que non comparte, xa que unha moza de dezaseis anos pode someterse a unha cirurxía estética sen permiso paterno, que esta é a cuestión mais discutible da Lei, se non que o que dixo o Ministro claramente foi que se ía derrogar a Lei que existía neste momento para volver a unha Lei de supostos e non de prazos e dixo literalmente que non coñecía a ningunha muller que fóra a prisión nos últimos anos en España por abortar, que tampouco lle sorprende a postura do Partido Popular de Fene cando onte unha Deputada de Narón, Ángeles Díaz, que foi tenente de alcalde do Concello de Narón, se lle ocorreu dicir cousas como que estaba preocupada pola cantidade de novas infeccións e enfermidades que xurdían vinculadas ao aborto e a tendencia das mozas a tomar a pílula do día despois e como aumentaban os casos de SIDA en Galicia froito da toma da pílula do día despois e da relaxación dos métodos anticonceptivos, froito da pouca sensibilidade do Partido Socialista que repartiu esta pílula sen ningún tipo de control, di que hai que ser retorcido para vincular ao Partido Socialista coa pílula e o SIDA, cuns datos inventados e incertos. Di que lamentan que non se houbera chegado a un acordo sobre este asunto pero para eles é un dereito fundamental para a muller a interrupción do embarazo cando se fala da igualdade da muller, para que poidan decidir sobre o seu corpo e a súa vida.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que lle gustaría saber que vai facer o Partido Popular coa Lei do menor que estuda modificar a lei para que cando cometa un delito teña que cumprir coma un adulto, de tal xeito que para cometer un delito se é adulto pero para decidir sobre o seu corpo non, polo que deixa a pregunta no aire.

De seguido intervén o alcalde para dicir que se trata de ámbitos diferentes.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o asunto é o Día da muller traballadora e repite o dito antes no sentido de que á hora de acadar un acordo que o que vale para un tamén vale para o outro.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a moción conxunta do PSOE, BNG e EU de data 29 de febreiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Sejjido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Painceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

- Impulsar a presenza das mulleres no emprego e o mercado de traballo garantindo a igualdade no acceso e no salario, conscientes de que dita igualdade é imprescindible para relanzar a nosa economía, contando para elo cun instrumento como a Lei para a Igualdade.

- Apoiar as iniciativas emprendedoras das mulleres.
- Apostar por políticas que garantan o dereito á conciliación da vida profesional, familiar e persoal de homes e mulleres, con medidas que promovan a flexibilidade dos horarios de acordo á necesidades de conciliación das persoas.
- Recoñecer e apoiar as iniciativas das mulleres no ámbito rural.
- Ampliar a rede municipal de servizos e apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero.
- Loitar contra a feminización da pobreza e a exclusión social apoiando ás mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente ás mulleres maiores e as que son responsables de familias monomarentais.
- Apoiar a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres.

Así mesmo, este Concello reclama ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Goberno da Nación a que:

- Manteña o dereito das mulleres a decidir sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, de acordo ca Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, garantindo a libre decisión sobre a súa maternidade, facendo este dereito efectivo en todas as CC.AA. e ao Goberno do Estado. (L.O. 2/2010, 3 Marzo)
- Modifique o decreto de medidas urxentes para a reforma laboral, a fin de garantir o dereito á conciliación así como as medidas que fagan posible a igualdade no emprego, a incorporación das mulleres a todos os postos de responsabilidade, á igualdade salarial, tal e como establece a lei.
- Impulse os servizos do Estado de Benestar relacionados co coidado e a atención a todas as persoas que o necesitan, especialmente menores, persoas maiores e en situación de dependencia.
- Promova a igualdade real e efectiva en todas as políticas públicas e na sociedade.

7. Aprobación, se procede, previa ratificación da súa inclusión na orde do día, da corrección de aritmética de erros no acordo do POS 2012 do día 28 de novembro de 2011

Neste momento abandona a sesión a concelleira Inés Roca Requeijo.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día da proposta da Alcaldía de data 27 de febreiro de 2012, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Dáse conta da proposición da Alcaldía de data 27 de febreiro de 2012, que copiada literalmente di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao POS 2012.

Logo de ver o acordo do pleno do Concello do 28 de novembro do 2011.

Logo de ver o requirimento da Deputación Provincial da Coruña de 15 de febreiro do 2012, no que se sinala a existencia dun erro material no acordo do 28 de novembro do 2012 pois onde di:

“55353,54” debe dicir “55353,53” e onde di “2913,34” debe dicir “2913,35”.

Logo de ver que as Administracións Públicas poden emendar os seus erros materiais ou aritméticos en caquera momento, propoño, previa ratificación da súa inclusión na orde do día do asunto, que o pleno acorde:

1º A rectificación de erro aritmético no acordo da sesión celebrada o 28 de novembro do 2012 relativo ao acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, que queda redactado tal e como segue:

“1.- Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Abastecemento e aglomerado Camiño da Iglesia Vella (Maniños)	60429,88	3180,52	63610,4
“Pavimentación e saneamento entre os Bloques XI e XII da Avda. Do Mar (San Valentín)”	55353,53	2913,35	58266,88
SUBTOTAL OBRAS	115783,41	6093,87	121877,28

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes: Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	137277,36
---	-----------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	115783,41	6093,87	121877,28
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	137277,36	301645,78	438923,14

TOTAL	253060,77	307739,65	560800,42
--------------	-----------	-----------	-----------

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2012 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
Aglomerado do camiño de Souto da Ribeira e da Rúa Poeta Pérez Parallé en Maniños	40.501,12 €
TOTAIS	40.501,12 €

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2º Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Fene 27 de febreiro de 2012
O Alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal”

Ao non haber debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º A rectificación de erro aritmético no acordo da sesión celebrada o 28 de novembro do 2012 relativo ao acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, que queda redactado tal e como segue:

“1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Abastecemento e aglomerado Camiño da Iglesia Vella (Maniños)	60429,88	3180,52	63610,4
“Pavimentación e saneamento entre os Bloques XI e XII da Avda. Do Mar (San Valentín)”	55353,53	2913,35	58266,88
SUBTOTAL OBRAS	115783,41	6093,87	121877,28

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes:
Deputación**

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	137277,36
--	-----------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	115783,41	6093,87	121877,28
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	137277,36	301645,78	438923,14
T O T A L	253060,77	307739,65	560800,42

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2012 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
Aglomerado do camiño de Souto da Ribeira e da Rúa Poeta Pérez Parallé en Maniños	40.501,12 €
TOTAIS	40.501,12 €

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2º Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 4º trimestre de 2011 sobre o cumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 8 de febreiro de 2012 correspondente ao 4º trimestre de 2011, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relativo ó cuarto trimestre do ano 2011.

I.Normativa.

-Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

-Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II. Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.””.

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos,

cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

(...)"

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

"(...)

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuída la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas."

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:

"(...)

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación."

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.- A información requerida relativa ó 4º trimestre do ano 2011, de conformidade co disposto na lei 15/2010, do 5 de xullo, e na "Guía para la elaboración de los informes trimestrales que las entidades locales han de remitir al Ministerio de Economía y Hacienda, en cumplimiento del artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio", extraeuse do programa de contabilidade municipal Ágora, e recóllese nos documentos que se adxuntan ó presente informe.

2.- De acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda (vía telemática a través da Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales, segundo indicación da Dirección General de coordinación financiera con las comunidades autónomas y con las entidades locales) e, ós órganos competentes da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

Este é o informe que emitimos, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e/o interpretación da normativa aplicable, sen perxuízo de calqueira outro mellor fundado en Dereito.

Fene, 08 de febreiro de 2012.

A Interventora,
Asdo.:Marta Roca Naveira.

A Tesoureira,
Asdo.:M^a Ángeles Vivero Fresco.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que logo da demora que segue a haber pregunta si se valorou a posibilidade que formula o goberno de financiamento para o pagamento de provedores que habería que presentar este mes, logo de facer un plan de axuste.

De seguido intervén o alcalde para dicir que se está traballando nesto.

2. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 1125/2011 de 21 de decembro ata o número 1162/2011 de 30 de decembro de 2011 e da resolución número 1 de 2 de xaneiro ata a 132 de 10 de febreiro de 2012

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 1125/2011 de 21 de decembro ata o número 1162/2011 de 30 de decembro de 2011 e da resolución número 1 de 2 de xaneiro ata a 132 de 10 de febreiro de 2012, manifestando o alcalde que estiveron a disposición dos distintos grupos municipais na Secretaría do Concello, e así consta no expediente.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que non teñen coñecemento respecto da resolución da Alcaldía de data 3 de febreiro de 2012 na que se autoriza a solicitude dunha subvención para a adecuación de parques infantís e roga que se facilite información en Comisión ou no Pleno.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido manifesta que aínda que non se deu conta na Comisión, lémbrese que o primeiro día na Comisión dixo que sempre se darían conta de cousas que estivesen feitas, que o que pregunta se trata dunha mera solicitude, que só se pode dar conta da propia solicitude e que aínda non hai resolución de concesión.

3. Mocións

Non se formula ningunha.

4. Rogos e preguntas

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que quere preguntar se a Xunta de Galicia segue coa previsión de eliminar o posto da traballadora social do Centro Sociocomunitario de Fene. Di que recibiron queixas de veciños que foron multados pola Policía Local sen que lles deixaran no vehículo resgardo da multa, que foron multados en base a unha fotografía, que saben que é legal facelo pero roga que os axentes na medida do posible poidan deixar nos vehículos a dita copia da multa e pregunta se isto se está a facer dun xeito xeneralizado e o porque. Pregunta se xa recepciónou Aguagest o abastecemento de auga da rúa Santiago en Barallobre e cando se vai poder dar servizo aos veciños. Respecto da remodelación do servizo de garda das farmacias de Fene, que agora o servizo 24 horas se presta en San Xoán de Piñeiros no Concello de Mugarodos, di que non comparten esta decisión, xa que a un Concello coma o de Fene que é punto de atención continuada e referente sanitario na área de Ferrol non se lle pode deixar sen servizo de Farmacia, polo que pregunta se o goberno municipal comparte esta medida da Xunta de Galicia e rógalle par que tome as medidas oportunas perante a Xunta de Galicia para restablecer este servizo en Fene. Pregunta ata cando vai durar a política de deforestación que iniciou o PP e pregunta cantas árbores máis se van cortar en Fene, cales e se estas actuacións se basean nalgún criterio técnico. Pregunta polo estado do alumado na rampla de Maniños, cousa que di xa foi pedida hai tempo no Pleno, así coma a instalación dos elementos de seguridade que se ían colocar. En relación coa mediana da avenida das Pías roga para que se poida facer un mantemento de igual xeito que se fan cos demais elementos de xardinería do Concello. Pregunta si xa se tomou unha decisión sobre a sinalización da dirección única da rúa Tellerías e que si é así, cando se vai implantar. Di que ao seu grupo lle preocupa o feito de non ser informados da marcha reivindicativa ata o Concello dos traballadores de Navantia, que viron que o alcalde e algún outro membro da Corporación os veu acompañando e os recibiu, polo que roga para que se lles informe destes asuntos para que os demais grupos políticos poidan participar dun xeito institucional coma Corporación naquela marcha e recepción dos traballadores. Di que tampouco se lles invitou coma partido, agás un aviso puntual a algunha concelleira, da recepción de nenos e nenas da Xorxe Xoán e do colexio de Centieiras na Casa do Concello, que cando eles estiveron no goberno, así coma os demais gobernos, sempre se trasladaron invitacións a todos os grupos políticos de todas estas actividades para que puideran participar nos diferentes actos, que lle trasladaron queixas de que a diferenza doutros anos, se prohibiu a entrada no Salón de Plenos do Concellos aos pais dos cativos e incluso a unha mestra, polo que pregunta cal foi o motivo. En relación coa rede wifi di que segue sen funcionar na praza do Concello e no contorno da Casa de Cela polo que rogan para que se repare canto antes e se colocasen carteis naquelas zonas de cobertura wifi para que os veciños saiban que existe este servizo. Pregunta se hai algunha nova sobre a ampliación do instituto e sobre a finca cedida á Xunta de Galicia xa dende a lexislatura pasada para esta ampliación, que saben que a Xefa territorial de Educación visitou o instituto e lles dixo que non sabía nada da obra, polo que roga que informen do estado actual e tomen as medidas oportunas ante a Xunta de Galicia para que se faga dita obra. Di que os veciños lle dixeran que algún membro do goberno anunciou que na parcela que está detrás do Perla novo, se ía facer un parque para cans, polo que pregunta se é certo, e si é así, que se explique o financiamento que vai ter e di que aquela finca estaba cedida á Xunta de Galicia para a construción de vivendas sociais. Di que tamén queren saber porque dende o Departamento de Cultura se denegou a posibilidade de renovar os extintores ao colexio de Centieiras, xunto a algún outro material coma a renovación de colchonetas que tamén se ten pedido, e tamén pregunta porque non se lle facilita a este centro o informe da fumigación da praga de polillas sobre a estrutura da instalación. Pregunta o criterio que se segue na Biblioteca municipal para a alta ou a baixa de determinadas publicacións, di que se teñen dado a baixa de publicacións bastante demandadas polos veciños e pregunta quen é o responsable de decidir que publicacións se mercan e cales se deixan de mercar. En relación

coa Biblioteca tamén pregunta se ademais da bibliotecaria hai outra persoa do Concello responsable da biblioteca, en particular pregunta por unha persoa do servizo de limpeza xa que o concelleiro de Persoal dixo nalgunha ocasión que isto non era así pero a concelleira de Cultura dixo en Comisión que si, polo que pregunta cal das versións é a correcta, que si isto é así pregunta que labores fai, si só coloca libros ou fai labores propias da bibliotecaria coma a recollida ou préstamos de libros. Di que teñen coñecemento de que a Deputación Provincial da Coruña aprobou o Plan Provincial de Estradas 2012 na que hai unha partida duns cento oitenta e oito mil euros para Fene, Ares e Neda, polo que pregunta se o goberno municipal sabe que obras vai facer a Deputación nas estradas provinciais de Fene. Pregunta se hai algunha novidade respecto do informe que están a facer os técnicos municipais sobre o PXOM e se hai algunha previsión para poder acceder, ver e consultar ese proxecto inicial na Casa do Concello. Pregunta se é función da Policía Local visitar a persoas que acaban de perder recentemente a un familiar para pedirllas a tarxeta de minusvalía que tiña o falecido, concretamente aos tres días do feito, que o considera unha falla de tacto considerable, polo que roga para que non se repitan actuacións coma estas e que se dea un tempo prudencial aos familiares para que poidan pasar polo Concello a devolver ditas tarxetas.

Prosegue o concelleiro Iván Puentes Rivera rogando en relación á limpeza dunha parcela na avenida Naturais, que se lle notifique ao propietario para que proceda ao seu desbroce, tamén roga para que se requira ao propietario da parcela do lado do Roibén para que proceda a solventar un problema de acumulación de augas que provocan filtracións ao edificio. Roga para que se desatasquen os rexistros da rede de sumidoiros do Concello e que se controlen mellor ás empresas que fan talas en fincas privadas do Concello cara a evitar que os camiños non queden en mal estado cos refugallos das podas polos camiños. Di que quere felicitar publicamente á concelleira de Cultura por levar á Comisión de Cultura os escritos dos veciños, segundo se viña pedindo e roga para que isto se siga producindo. Rógalle á concelleira de Cultura que nas vindeiras solicitudes de subvencións de infraestruturas se poida incluír os vestiarios da piscina municipal. Roga para que se tomen medidas en canto a desratización do Concello, cousa na que incidían moito cando o PP estaba na oposición, xa que lle constan que hai ratas en distintos lugares do Concello, especialmente na zona urbana. En relación coa reunión cos traballadores de Navantia antes citada, lembra que o alcalde declarou que lle facilitarían un escrito co que pensaba facer unha declaración institucional polo que pregunta si xa se lle notificou dito escrito e si se fixo algo con el. Remata a súa intervención dicindo que, ante a posibilidade de que sexa o último Pleno do actual secretario, agradécelle os servizos prestados a esta Corporación, que tiveron momentos de coincidencia e outros de menor coincidencia, que por riba de todo saben apreciar e valorar a súa labor e entrega a este Concello e deséxalle o mellor para o resto da súa carreira profesional nos vindeiros destinos.

De seguido intervén o alcalde para dicir que quere agradecer tamén o bo facer do secretario recoñecendo a súa labor e di que o seu grupo non tivo ningunha discrepancia con el. Prosegue a dicir o alcalde respecto das beirarrúas de Barallobre que aínda non se recepcionaron, xa que aínda non se repararon as deficiencias que teñen, que se fixeron as probas de presión na marxe esquerda sentido San Marcos pero que a día de hoxe aínda non se recibiron os traballos. En relación coa rampla de Maniños di que esta mesma semana tivo entrada na oficina técnica un escrito de Portos de Galicia sobre os elementos de seguridade para valorar esta mellora. Respecto da visita dos traballadores de Navantia á Casa do Concello di que el mesmo suxeriu a primeira vez que viñeron que estiveran todos os grupos políticos, que desta volta só lles dixeron que ían pasar por diante do Concello e que pensaban deixar un escrito para o converter en declaración institucional, que logo se produzo unha chamada do Comité de Empresa na que se dixo que quedaría ben que o alcalde recibira aos traballadores á porta do estaleiro de Fene e que iso foi o que se fixo, que esa foi a participación que lle pediron os traballadores. Respecto da ampliación do instituto di que non se sabe nada, que pediron que esta actuación se incluía nos orzamentos do ano 2012. En

relación co Plan de Estradas da Deputación di que chamou á Deputación para saber que estradas se ían arranxar pero aínda non lle comunicaron cales ían ser. Respecto dos rogos di que toman nota.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Juana Barro Couto, quen unha vez concedido, responde respecto da traballadora social do Centro Sociocomunitario que aínda non se sabe nada, que o goberno municipal está a facer todo o posible para apoiar este posto de traballo, do mesmo xeito que se fixo co asunto da cociña, que o alcalde lle remitiu un correo electrónico ao técnico e ao delegado explicándolles a situación.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, responde en relación á pregunta da tala de árbores dicindo que se trata dunha necesidade, sobre todo na estrada da Fraga na que representaban un perigo para os veciños e que supuxo unha ampliación de prazas de aparcamento, di que estas talas se van seguir facendo para cumprir coas peticións dos veciños, coma pode as árbores de tras da Asociación de Veciños de Perlío e que as talas as decide o concelleiro a petición dos veciños. En relación co servizo de desratización di que hai unha empresa que ven todos os meses facer un control, que dependendo dos avisos que hai se elabora un informe da Policía Local e logo se procede a desratizar. Respecto da mediana das Pías di que xa había a previsión para este mes de facer unha limpeza e un acondicionamento técnico.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido, di en relación coa pregunta sobre as gardas das farmacias que o Concello se fixo eco da información a través da web municipal e que tamén se enviou aos medios de comunicación, que se trata dunha decisión adoptada polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña e que na da ten que ver o Concello.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que respecto da devolución da tarxeta de aparcamento di que non sabía desta circunstancia, que recolle o rogo e preguntará para saber que ocorreu. En relación coa rede wifi di que hai un problema serio polo que a rede cae frecuentemente, que se coñecen os fallos da rede cando alguén dá o aviso daqueles e que a empresa está a buscar unha solución. Respecto da dirección da rúa Tellerías di que xa se falou no anterior Pleno, que se está avanzando para tomar unha decisión ao respecto. En relación ao rogo do control das talas di que os propios madeiristas están sorprendidos do control que hai, que se conta cun traballador concreto para controlar esta actividade e que se está a facer un bo control.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, dille ao voceiro do PSOE que hai que ir ás Comisións para coñecer as dacións de contas das Áreas correspondentes. En relación coa recepción dos nenos de Centieiras e da Xorxe Xoán pide desculpas aos membros da Corporación por non os ter invitados, que ela mesma tampouco tiña pensado asistir, que coincidiu que estaba na Casa do Concello cando viñeron os nenos e assistiu, pero que foi algo improvisado, que non ten coñecemento de que houbera pais que non puideron entrar no salón de Plenos e que o goberno non deu orden de nada disto, que na porta estivo Protección Civil e se lle preguntará a quen estivo na porta para saber que pasou. En relación co parque canino di que se deu conta na Comisión de Urbanismo, di que hai unha parcela municipal preto do Erosqui, que encargou un proxecto ao técnico municipal para tirar o muro que ten dita parcela, que se vai colaborar coa Concellería de Servizos xa que os traballos se van facer contando con medios propios, que se pediu permiso a Augas de Galicia por estar preto ao río e que a idea é non facer ningunha inversión, que se ten pensado facer unha zona de recreo canina e que aínda non se sabe como se vai concretar. Respecto do informe que solicitou o Colexio de Centieiras xa se deu conta que existe un informe do técnico de prevención de riscos laborais que considera que non hai que

cambiar ningún extintor e así se lles comunicou telefonicamente, que esta semana lle pedirá a empresa que fixo a exterminación dito informe para remitirlllo ao colexio, respecto do material do colexio haberá que facer unha visita coa técnica de deportes para ver cales son as peticións concretas e que hai que determinar cal é o material do colexio que usan os estudantes e cal é do Concello para as actividades, xa que as súas queixas viñan neste sentido. En relación coas baixas das subscricións de publicacións na biblioteca o motivo foi que non había partida orzamentaria dabondo, que o goberno decidiu eliminar estes gastos cando se examinaron as propostas para o novo orzamento, que as propostas de mercar libros se fan a proposta da bibliotecaria e que aínda non se fixo ningunha compra. Respecto da persoa que axuda na biblioteca di que xa se deu conta fai tres Comisións de Cultura coma consecuencia dunha pregunta da voceira do Grupo Mixto, que o voceiro do PSOE ten acceso á acta da sesión e que considera que os temas de persoal non se deben levar ao Pleno. Respecto do PXOM di que tamén se deu conta na Comisión que está pendente do informe técnico do enxeñeiro de camiños municipal, que o documento que se vai expoñer vai na liña do consultado polos grupos políticos no verán. Respecto do rogo dos vestiarios da piscina di que ese rogo xa o fixo a concelleira do PSOE en Comisión, que está a recuperar as memorias feitas no ano 2006 para a reforma dos vestiarios que ascendían a case noventa mil euros e que pensa que hai outra memoria do ano 2008 e que a vai buscar. Respecto das talas di que quere engadir que agora se están comezando a cobrar as correspondente taxas, logo do informe urbanístico. En relación co edificio ao carón do Roibén di que xa está comezado o correspondente expediente de infracción urbanística.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que no BOP saíu publicado o contrato de conserxería, mantemento e limpeza de instalacións deportivas, que na Comisión se deu conta de que ía saír e que se estaba a traballar nel, di que lle sorprende que se publicara sen dar indicación ningunha de como ía ser e roga que se non se saben responder ás preguntas que vai facer, que llas contesten por escrito. Pregunta porque logo de levar tantos anos con este contrato prorrogado se saca por un só ano e sen prórroga, por que o criterio único é o prezo e por que non se recollen todas as instalacións deportivas do Concello, pregunta que comprende os arredores do Pavillón da Xunqueira e quere saber por que se pon como responsable á Concellería de Deportes e non a ningún técnico municipal, que non entenden porque, nun momento de crise coma este, se saca este contrato por separado do que son as actividades deportivas e culturais, facendo lotes, xa que deste xeito o volume de negocio das posibles empresas licitadoras é máis pequeno, quere saber que estudo económico se fixo para sacar a licitación en cento setenta e dous mil euros, que para el é unha base moi pequena tendo en conta o persoal adscrito ao servizo que é elevado xunto co mantemento imputable ao concesionario, que o contrato é moi xusto, máis tendo en conta que está incluído o campo de fútbol dos Pinares, que antes non figuraba, que se está falando de case que cen mil euros menos en relación co prego anterior, que tendo en conta os anos que pasaron ou ás instalacións ten dúbidas de que se poida presentar algunha empresa, polo que quere saber se hai un informe que xustifique esta base de licitación.

Prosegue o concelleiro Manuel Polo Gundín dicindo que o seu grupo presentou cinco mocións, que unha delas foi presentada o 16 de febreiro e non se incluíu en ningunha Comisión Informativa, polo que rogan que se inclúa a moción sobre a regulación do tráfico no contorno da Casanova na Comisión Informativa correspondente. Di que lle sorprende ver un cartel sobre a actividade da fatiga oncolóxica na Casa da Cultura, no que participa o Concello, impreso en castelán, que o Pleno aprobou o pasado seis de maio diversas iniciativas sobre o uso do galego polo que roga que se utilice o galego. Di que saben que rompeu unha das marquesiñas que se estaba instalando e que causou dano aos traballadores municipais o que dá que pensar que o vidro é moi sinxelo ou presenta algún defecto de construción, polo que roga que se comunique este extremo á Xunta de Galicia que foi quen as financiou e pregunta

se están homologadas ditas marquesiñas, tamén roga para que a ordenanza municipal de limpeza inclúa a prohibición de expoñer anuncios nas marquesiñas. Respecto do peche vertedoiro de Marraxón di que está roto e roga para que se arranxe. Pregunta se houbo algún avance no tema da seguridade viaria da estrada de Barallobre, na zona do instituto e da farmacia. Pregunta como están os traballos da segunda fase do Polígono de Vilar do Colo e si se desbloqueou o problema que había respecto do camiño de Santiago. Roga para que dende a Alcaldía se fagan os trámites que fagan falla coa Consellería do Mar para avanzar respecto dos problemas dos mariscadores na Ría de Ferrol. Respecto da rúa da Fraga roga para que se mellore a ubicación dos colectores do lixo e en xeral que se humanice esta rúa con árbores ou outro tipo de vexetación que precise de menos terra. Pregunta se hai algunha nova respecto do custe da auga que se paga ao Concello de Ferrol. Roga para que se reúna a Mesa Xeral de Negociación do Concello, que hai temas importantes que tratar coma as segundas actividades. Roga para que se dea conta nas Comisións Informativas do que se solicitan nas subvencións. Roga que cada vez que se corta unha árbore se mire por plantar novas árbores.

De seguido intervén o alcalde para dicir que o equipo de goberno toma nota dos rogos e que nas vindeiras Comisións ou no Pleno se informará das cuestións formuladas. Respecto da moción presentada polo BNG di que non se dá conta desta moción, que mirará o asunto para tratalo no vindeiro Pleno. Contesta respecto da seguridade viaria de Barallobre dicindo que lle deu traslado da moción á Deputación Provincial da Coruña e di que fará unha nova xestión ao respecto. En relación coa ampliación do Polígono Vilar do Colo e a construción das parcelas Q, que están na zona de Cabanas, di que hai un proxecto que está aprobado e lle comunicaron que o comezo das obras ía ser inminente, pero tamén di que llo dixeron hai dous ou tres meses, polo que anuncia que se interesará de novo polo asunto. Respecto do asunto da suba do canon da auga di que Emafesa non contestou nada polo que reiterará a remisión do escrito.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que si se deu conta en todas as Comisións o feito de que se ía sacar o prego e así consta nas actas, que na última Comisión xa se dixo que non se podía dar conta na Comisión porque non se sabía que ía saír este mes, que na propia Comisión fixo referencia ao bo traballo do técnico de administración xeral, do secretario e da interventora por ter feito este traballo tan axiña, que se fixo en dez días escasamente, que en Comisión dixo que os pregos estaban aprobados en Xunta de Goberno Local e que había que esperar á súa publicación, que tamén foi moi rápido, que non pode contestar porque sae con este prezo de licitación, que pensa que inclúe todas as instalacións, que non se inclúen as instalacións exteriores xa que a concellería de Servizos está a atender estas instalacións axeitadamente podendo así minorar o prezo de licitación, que o contrato vai ser só dun ano para que non suba a cantidade e non ter que publicalo do Diario Oficial da Unión Europea, polo que retrasaría isto moito máis, xa que é de todos coñecido que o contrato está máis que vencido, que é un servizo moi custoso, que se sacou por lotes para que o importe non subira moito, que respecto do responsable do contrato di que ela considera que debe ser a técnica de Deportes, que na Comisión tamén se deu conta de que se convocaría a un representante de cada grupo político para formar parte da mesa de contratación, que o estudo económico foi feito polo técnico de administración xeral que é o que consta no expediente. En relación co dito do cartel de “Máis vida” que está en castelán di que o Concello non participa, que soamente presta o seu apoio pero non participa, que de tódolos xeitos foi un rogo e que o terán en conta para o futuro.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que en relación coa inclusión na ordenanza de sancións pola pegada de carteis di que o terán en conta, que en relación coa Mesa de negociación di que

hoxe pola mañá houbo unha reunión informal cos representantes sindicais coma primeiro paso para comezar a traballar neste sentido.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, manifesta que en relación co accidente da instalación das marquesiñas di que lle estrañou que non foran cristais laminados, que chamou á empresa que fixo o subministro e confirmou que se trata de cristais homologados. En relación cos rogos para a reubicación dos colectores do lixo e a humanización das rúas di que toma nota, que a súa intención é traballar neste sentido e di que non se esquece do peche do vertedoiro de Maraxón, que o ten na axenda para facer cando se poida.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que quere destacar o tema da farmacia, que cando os veciños de Fene teñan que ir a Mugardos pensa que vai haber queixas polo que roga algunha xestión dende o Concello. Pregunta en que sitio concreto se colocou o colector de lixo solicitado para a parroquia de Maniños, xa que non está onde se solicitou. En relación coa escola infantil, di que no Pleno pasado xa manifestara que estaban escasos de persoal e pregunta si se fixo algunha xestión dende o Concello para suplir aos traballadores que están de baixa médica. Pregunta cando se van quitar as pedras que hai na escola de Sillobre. En relación co Consello Escolar pregunta cando se ten previsto a súa convocatoria. Prosegue a dicir que tamén quere deixar constancia do seu descontento pola falla de notificación en relación coa manifestación dos traballadores de Navantia, xa que consideran que debían estar informados. Di que ten solicitado que se lle facilitara por escrito unha relación do persoal da radio e aínda non se lle facilitou, que tamén lle gustaría pedir a programación da Radio municipal. Pregunta polas actas das Xuntas de Goberno Local, que as últimas que se facilitaron son de decembro e non recibiu ningunha outra. Pregunta se o Concello ten constancia de que hai aviso de peche do Centro de Saúde de Maniños logo de que se xubile o médico que está agora coma titular. Pregunta tamén cando se vai facer a reparación da focha que hai na Pegariña, que se visitou en setembro e aínda está sen arranxar. Pregunta si se fixo algo respecto dos cans de raza perigosa que están ao lado do colexio de Centieiras. En relación coa notificación dos Plenos roga para que ademais de notificar a través da Policía Local se podería notificar, para a comodidade dos concelleiros, dita notificación por correo electrónico. Roga para que se coloque no Concello un punto de recollida de tapóns plásticos para facilitar as axudas que con eles se fan a distintas causas.

De seguido intervén o alcalde que di que toman nota do rogo da farmacia, respecto da escola infantil di que ao goberno non lle chegou información nin escrito ningún, en relación co Consello Escolar reitera que tan axiña coma entre en vigor o regulamento se convocará, segundo se dixo na Comisión de Cultura, respecto do asunto da Radio di que o van mirar, respecto das actas das Xuntas de Goberno Local mirarán a que se debe o retraso da súa remisión, en relación co peche do Centro de Saúde de Maniños di que non ten ningunha información ao respecto. Di que a notificación por correo electrónico dos Plenos o estudarán, que non vai ser posible de momento máis que adiantar de xeito extraoficial pero sen que valga de notificación.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, manifesta que respecto do colector de lixo de Maniños dicindo que non lle pode responder agora mesmo, que pedirá a información e lle contestará. En relación coa retirada das pedras da escola de Maniños di que falou onte coa directora e quedou de ir facer o traballo o vindeiro luns pola mañá, día no que se farán ademais outros traballos. En relación coa focha da Pegariña di que se está co plan de rebacheo e lle vai tocar en breve.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 20:40 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e praxe,
O alcalde-presidente

O secretario,

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García